



DATA: **25 de agosto de 2009**  
Nº 01/09-10 (S. Xosé de Calasanz)

ASUNTO: **INICIO DO CURSO 2009-2010.**

**Estimadas Familias:** Primeiramente, transmitímoslles o noso desexo de que o verán remate felizmente para todos e iniciemos o novo curso escolar con moito ánimo e ilusión.

Poñémonos unha vez máis en contacto con Vdes. para informarles dalgúns aspectos importantes para o inicio do curso 2009-10:

### 1. Inicio de curso e horarios:

Etapas	Data de inicio de curso	Horario setembro	Horario outubro-maio	
			Mañá	Tarde
Infantil - Primaria	10 de setembro, xoves	9.00 a 14.00	9.45-13.15	15.30-17.30 <sup>(1)</sup>
Secundaria	17 de setembro, xoves	8.30 a 14.00	8.30-13.15	
Bacharelato		8.30 a 15.00	8.30-14.10/15.00	

<sup>(1)</sup> Os alumnos de ESO teñen libres as tardes dos martes e venres; a tarde do mércores saen ás 18.30 h.

O **primeiro día** de clase (10, Infantil e Primaria; 17, Secundaria e Bacharelato) os alumnos **entrarán ás 11.00 h.** e sairán todos ás 14.00 h.

Os **alumnos de 1º de Infantil** poderán ser acompañados ata a aula polas súas familias ata o día 18 de setembro. A partir do 21 de setembro terán que deixalos na entrada do colexio. Aínda que o horario é de 9.00 a 14.00 h., poderán entrar ás 10.00 e ser recollidos ás 13.00 h. ata o día 30 de setembro.

- Exames de setembro:** Os alumnos de Secundaria e Bacharelato con materias pendentes deben presentarse os días **1, 2 e 3 de setembro** ós exames de recuperación, segundo os horarios establecidos no mes de xuño (expostos no Taboleiro de Anuncios do Colexio e na páxina web). **As notas** destes exames extraordinarios **recibiránas o día 7 de setembro (luns), de 10.00 a 12.00 h. da mañá.** Se desexan falar cos profesores ou titores, deberán facer o día 9 de setembro en horario de 9.00 a 11.00 h. da mañá, pois o día 8 os profesores dos colexios calasancios estamos realizando un curso.
- Programa de gratuidade de libros de texto para os cursos de 3º e 4º de Primaria, e 1º, 2º, 3º e 4º de Secundaria:** As familias que desexen acollerse a este Programa teñen que cubrir en Secretaría o correspondente documento de aceptación do Programa entre os días 1 a 8 de setembro (Primaria) e 1 a 15 de setembro (Secundaria).
- Bolsas para a adquisición de libros de texto para os cursos de 1º, 2º, 5º e 6º de Primaria:** O modo de proceder para solicitar as axudas aparece recollido na páxina web do colexio, no documento chamado "Axudas libros de texto".



5. **Uniforme do Colexio: É obrigatorio desde o primeiro día de clase.** Cada alumno (desde Infantil ata 4º de ESO) deberá ter as prendas marcadas co seu nome e apelidos. As prendas e as cores deben ser as correspondentes ó modelo establecido. Os alumnos deben levar os pantalóns colocados correctamente na cintura e as alumnas non deben levar as saias máis cortas da altura dos xeonllos. O mandilón é obrigatorio ata 4º de Primaria. Lembramos que os alumnos de 1º de Bacharelato usarán para Educación Física o chándal propio do colexio.  
**Non vir correctamente uniformados será motivo de sanción segundo a normativa vixente no Regulamento de Réxime Interior.**
6. **Alumnos de E. Infantil e 1º Ciclo de Primaria (1º e 2º):** Levarán en lugar visible unha tarxeta cos seguintes datos: nome e apelidos, teléfono da casa ou móbil dos pais e nº de autobús escolar (se fan uso del).
7. **O primeiro día de clase non é necesario traer os libros e o material escolar.** A partir de 3º de Primaria deben traer un caderno e bolígrafo para apuntar horarios e material que lles indicarán os Titores e Profesores das distintas materias. Convén non poñer os nomes ós libros ata que os revisen os Profesores.
8. **Servizos** que se ofertan:
- **Comedor:** A partir do 10 de setembro. Confirmar en Administración.
  - **Gardería:** A partir do 1 de outubro, de 8.00 a 9.30 h. para alumnos de Infantil e Primaria. Recibirán información máis explícita sobre este servizo no mes de setembro.
  - **Autobús escolar:** Axúntase folla de recorridos. A partir do mes de outubro tamén haberá servizo para as actividades extraescolares, sendo a súa hora de saída do Colexio é ás 18.40 h.
  - **Actividades extraescolares:** Recibirán información máis puntual das mesmas durante o mes de setembro, unha vez iniciado o curso. Estas actividades son de carácter voluntario pero, unha vez feita a matrícula, é obrigatorio asistir a elas.
9. **Horario de Secretaría e Administración (de luns a venres):**

	SECRETARÍA	ADMINISTRACIÓN
Mañás	8.30 a 13.00	
Tardes	15.30 a 18.00	16.00 a 18.30

10. **Caderno de Comunicacions ou Axenda Escolar:** É obrigatorio a partir de 1º de Primaria; adquirese na Secretaría do Colexio.

Agradecemoslles que teñan en conta todas estas informacións para unha mellor comunicación e organización.

Saúdaos atentamente.

A DIRECCIÓN

